




Sesión informativa aos centros participantes nas probas de acreditación en competencias dixitais do alumnado

Dirección xeral de Innovación e Ordenación educativa



ESTRATEGIA EDUCACIÓN DIXITAL

2030




Obxectivos

- Desenvolver un **ecosistema educativo dixital-stem** de alto rendemento
- Perfeccionar as **competencias e capacidades dixitais** para a transformación dixital



ACCIONES DE IMPACTO





Desenvolvemento da competencia dixital



Marco Galego de
Competencias Dixitais
Decreto 123/2021



Acreditación da
competencia
dixital
do alumnado



Resolución do 28 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a **acreditación das competencias dixitais do alumnado** que cursa ensinanzas de **educación secundaria obrigatoria e bacharelato** na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24.

Niveis de acreditación:

- **ComDix Iniciación.**
- **ComDix Intermedio.**
 - Tamén se poderá realizar a acreditación parcial de coñecementos, habilidades e actitudes dunha ou varias áreas deste nivel.

Acreditación do alumnado de 4º ESO:

- **Mediante validación de estudos superados** → Acreditación do nivel de iniciación do alumnado que titule na ESO:
 - **Certificación ComDix iniciación.**
- **Mediante a superación dunha proba específica** → Acreditación dos coñecementos, habilidades e actitudes propias do nivel intermedio:
 - **Certificación ComDix intermedio.**



Acreditación do alumnado de 2º BAC

- **Mediante a superación dunha proba específica para alumnado co título de bacharelato** → Acreditación dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio:
 - **Certificación ComDix de nivel intermedio.**
- **Mediante validación de estudos superados** → Acreditación do nivel das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio do alumnado que titule no bacharelato:
 - Certificación expedida polo centro educativo das áreas de dominio de competencias dixitais.
- **Mediante a superación dunha proba específica para alumnado que non obteña o título de bacharelato** → Acreditación dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio.
 - Certificación expedida polo centro educativo da área de dominio 4 de competencias dixitais.

Requisitos do alumnado para participar nas probas específicas:

- Estar matriculado en **4º de ESO** para presentarse á proba específica que acredita as competencias dixitais de **nivel intermedio**.
- Estar matriculado en **2º de BAC** para presentarse á proba específica que acredita a **área de dominio 4 de competencias dixitais de nivel intermedio**.

A participación nas probas ten carácter voluntario.



Certificación ComDix de nivel iniciación e a Certificación ComDix de nivel intermedio serán emitidas de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

A certificación en competencias dixitais do alumnado terá unha validez de cinco anos



XESTIÓN DAS PROBAS

Cada centro nomeará unha **persoa coordinadora das probas** (e o seu equipo), coas seguintes funcións:

- Información e resolución de dúbidas sobre as probas específicas.
- Implementación das probas no centro segundo as instrucións que recibirá previamente.
- Comunicación directa de incidencias a través das canles que establecerá AMTEGA.
- Vixilancia e control do desenvolvemento das probas.

Organización:

- Espazo dotado de postos informáticos para uso individual no/s día/s e no/s horario/s que se lle asignen para realizar as probas.
- Nos centros E-Dixgal, o alumnado pode usar os seus propios dispositivos.
- Os postos informáticos deberán contar cun ordenador de mesa ou ordenador portátil con acceso a Internet e acceso aos seguintes programas:
 - Navegador web.
 - Solución ofimática (LibreOffice ou calquera outro software equivalente).
 - Lector PDF.



INSCRIPCIÓN NAS PROBAS (I)

1. O centro designará á persoa coordinadora das probas. Deberá proporcionar os seus datos pola vía que lle corresponda:
 - Centros sostidos con fondos públicos → formulario de inscrición da persoa coordinadora.
 - Centros privados → campo correspondente que figurará no formulario da aplicación Enquisas da que se enviou ligazón por correo electrónico.
2. A persoa coordinadora das probas informará ao alumnado e facilitaralle o modelo de solicitude de participación (Anexo IV da Resolución).
 - O alumnado menor de idade contará coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais para poder inscribirse na realización da proba.
3. Unha vez recollidas as solicitudes de participación asinadas (custodiaranse no centro), procederase á inscrición do alumnado na aplicación correspondente (ver diapositiva seguinte) por parte da dirección do centro.
4. O centro recibirá a información, coas datas e quendas, para a implementación das probas.



INSCRIPCIÓN NAS PROBAS (II)

Centros públicos e privados concertados con xestión en XADE:

- Alumnado de 4º da ESO:
 - A través da aplicación XADE empregando o módulo Actividade → Alumnado → Actividade → Proba Comp. Dix 4º ESO
- Alumnado de 2º de BAC:
 - A través da aplicación XADE empregando o módulo Actividade → Alumnado → Actividade → Proba Comp. Dix 2º BAC

Centros privados:

- Alumnado de 4º da ESO:
 - A través do aplicativo *Enquisas* (o URL e código de acceso remitiuse por email ao centro)
- Alumnado de 2º de BAC
 - A través do aplicativo *Enquisas* (o URL e código de acceso remitiuse por email ao centro)

Prazo: ata o 15 de marzo (incluído)



ORGANIZACIÓN TEMPORAL

Nivel intermedio (área 4)

(2º BAC)

Abril 2024

Nivel intermedio (áreas 1, 2, 3, 4 e 5)

(4º ESO)

Maio 2024

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa comunicará a
cada centro a data ou datas e horas asignadas.



CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS

Nivel intermedio (áreas 1, 2, 3, 4 e 5) → 4º ESO

- A proba será en formato online na plataforma específica da AMTEGA → acceso á demo (Iniciación) da proba.
- Batería de 60 preguntas (12 por área).
- Tempo máximo de 90 minutos.
- Para superar a proba de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 70% do total de preguntas, sendo necesario ademais obter un mínimo do 60% de respostas correctas en cada unha das cinco áreas.

Nivel intermedio (área 4) → 2º BAC

- A proba será en formato online na plataforma específica da AMTEGA (acceso á demo da proba).
- Batería de 12 preguntas.
- Tempo máximo de 20 minutos.
- Para superar esta proba da área 4 de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 60% do total de preguntas.

Acreditación do **nivel de iniciación** para **alumnado** que participou no *proxecto E-Dixgal*

- **Certificación ComDix de nivel iniciación.**

Dirixido a:

- Alumnado que obtivesen o título de ESO nos cursos académicos 2021/22 ou 2022/23 tendo participado no programa E-Dixgal nun mínimo de tres cursos académicos.

Solicitude:

- Centro no que rematasen 4º de ESO.
- Prazo de solicitude: entre o **2 e o 15 de maio** de 2024.



PORTAL EDUCATIVO

A Consellería Información Colectivo Ensinanza Tema

A EDUCACIÓN GALEGA ABRECHE AS PORTAS

SERVIZOS

- Correo EDU
- Portal de dirección
- Oposicións
- Aviala
- Fondobiros
- Buscador de centros
- Listas de substitucións
- XADE
- FPROFE
- DRDespe

MÁIS SERVICIOS

ANUNCIOS

- 04/03/2024 | 12:50: Convocatoria do programa Eduempre Lanzadeiras Lugo 2023-2024
- 04/03/2024 | 12:47: Convocatoria de estadias formativas en empresas ou organismos equiparados para o ano 2024
- 01/03/2024 | 14:37: Resolución do 28 de febreiro de 2024, pola que se dan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de Galicia no curso 2023/24
- 01/03/2024 | 13:58: Resolución da convocatoria do programa para o mantemento e a incorporación de centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades á rede de centros de capacitación dixital de Galicia
- 01/03/2024 | 12:13: Convocatoria Erasmus+ para alumnado de FP de grao básico e medio. 2023-18300-KA2V1-VET-00014761
- 28/02/2024 | 14:58: Resolución do 27 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que fai referencia o artigo 34 da Orde do 21 de outubro de 2022
- 28/02/2024 | 14:48: Listaxe provisional de centros seleccionados nos programas do Plan Eduempre 2023/2024

MÁIS ANUNCIOS

MÁIS ACTUALIDADE

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

ACTUALIDADE

Román Rodríguez salienta a mellora de confort e enerxética do Colégio Bunting de Louzame logo dun investimento de preto de 600.000 € da Xunta

04/03/2024 | 13:44: A Xunta recoñece o traballo de seis institutos e centros de FP cos premios Eduempre Idea 2023

03/03/2024 | 12:48: A Xunta convoca a sexta edición dos Premios Ángela Ruiz Robles á excelencia académica en graos universitarios

02/03/2024 | 15:58: Román Rodríguez fai a redución da burocracia nos centros educativos como unha prioridade

PLAN DIXITAL

PORTAL EDUCATIVO

A Consellería Información Colectivo Ensinanza Tema

COMPETENCIA DIXITAL

Competencia dixital

PLAN DIXITAL

Inicio

- Plan Dixital
- Normativa
- Rede DixitalGal
- EduCalidade
- EspazoAbalar
- Contacto
- Competencia dixital docente
- Normativa
- Acreditación
- Formación
- Competencia dixital do alumnado

Marco de Competencias Digitais para a Cidadanía

Marco Europeo para a Competencia Docente

DigCompOrg

DigComp

DigCompEdu

A competencia dixital no ámbito educativo de Galicia vértase a través dos tres marcos europeos elaborados polo Centro Común de Investigación (Joint Research Centre, JRC) da Comisión Europea:

- O **Marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes** é a referencia para os centros educativos e para a elaboración do **Plan Dixital** de centro.
- O **Marco Galego de Competencias Dixitais**, que toma como referencia o **Marco Europeo de Competencias Dixitais para a Cidadanía (DigComp 2.2)**, é a referencia para a **competencia dixital do alumnado**. Nesta ligazón, a versión en castelán.
- O **Marco Europeo da Competencia Dixital Docente (DigCompEdu)** nas súas siglas en inglés) é a referencia para o desenvolvemento da competencia dixital do profesorado. A tradución ao galego pode descargarse nesta ligazón e así como unha folla resumo do marco nesta outra. Partindo do **DigCompEdu**, as Comunidades Autónomas e o Ministerio de Educación e Formación Profesional realizaron unha adaptación ao contexto educativo do Estado español que resultou na publicación, no BOE do 16 de maio de 2022, da **actualización do Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente**.

Neste camiño da dixitalización do ensino, a Xunta de Galicia desenvolve a **Estratexia Educación Dixital 2030**, que consta de 12 accións de impacto que pivotan sobre dous eixes:

- Xerar "un ecosistema" dixital nos centros educativos.
- Formar tanto a profesorado como a alumnado nestas novas competencias e tecnoloxías.

Nas liñas estratéxicas dos eixes para acadar ecosistemas educativos dixitais e perfeccionamento das competencias e capacidades dixitais para unha verdadeira transformación dixital, a Consellería incide nas seguintes accións:

- A implementación, seguimento e avaliación do Plan Dixital de Centros.
- A constante mellora dos contidos dixitais.
- A acreditación das competencias dixitais da comunidade educativa.

estratexia educación dixital

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia. Atención á cidadanía | UAC | Accesibilidade | Aviso legal | Mapa do portal

PORTAL EDUCATIVO

A Consellería Información Colectivo Ensinanza Tema

COMPETENCIA DIXITAL

Competencia Dixital

Competencia dixital do alumnado

- Resolución do 28 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se dan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24
- Titorial para o inscrición do alumnado en Xade (centros sostidos con fondos públicos)
- Demo da proba de acreditación
- Marco galego de competencias dixitais
- Correo de contacto: acreditaciondalumnado@edu.xunta.gal

PLAN DIXITAL

Inicio

- Plan Dixital
- Normativa
- Rede DixitalGal
- EduCalidade
- EspazoAbalar
- Contacto
- Competencia dixital docente
- Normativa
- Acreditación
- Formación
- Contacto
- Competencia dixital do alumnado

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

IMPRIMIR RECOMENDAR

Post

TEMA

Competencia Dixital

SECCIÓN

Competencia Dixital

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia. Atención á cidadanía | UAC | Accesibilidade | Aviso legal | Mapa do portal



Moitas grazas!

Correo para consultas: acreditacioncdalumnado@edu.xunta.gal